



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Traballo Fin de Mestrado		Código	653491014
Titulación	Mestrado Universitario en Xerontoloxía (Plan 2011)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	15
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da SaúdeFisioterapia, Medicina e Ciencias BiomédicasPsicoloxíaSocioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web	http://gerontologia.udc.es			
Descrición xeral	Mediante o Traballo Fin de Mestrado o alumno tratará de acreditar as competencias adquiridas durante a realización do postgrao oficial.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A5	Saber realizar procuras en bases de datos científicas, así como aplicar os resultados das mesmas na consecución de proxectos de investigación.
A6	Adquirir as competencias necesarias para aplicar o método científico no desenvolvemento de proxectos.
A7	Ter os coñecementos suficientes para incorporarse como investigador en actividades de I+D+i.
A8	Coñecer as diferentes convocatorias públicas e privadas para a consecución de financiamento e estar en condicións de elaborar un proxecto.
A9	Incorporarse como xestor de proxectos a entidades de I+D+i.
A10	Saber analizar os resultados obtidos na actividade profesional a fin de poder integralos en liñas de investigación e dentro delas, en proxectos do eido da Xerontoloxía e a Xeriatria.
A11	Saber difundir os resultados obtidos na actividade asistencial a través das diferentes fontes de información xerontolóxicas e xeriátricas.
B5	Ser capaz de aplicar o método científico.
B6	Ser capaz de incorporarse a calquera equipo de I+D+i.
B7	Estar en disposición de realizar actividades asistenciais e investigadoras de xeito integral nos campos social, sanitario e sociosanitario.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



Que o alumno sexa capaz de aplicar os seus coñecementos teóricos e referidos á investigación na realización dun traballo, que aplicando o método científico, aporte indicios de calidade ao saber xerontolóxico	AI1	BI1	CM1
	AI2	BI2	CM2
	AI3	BM1	CM3
	AI4		CM4
	AI5		CM5
	AM1		CM6
	AM2		CM7
			CM8
Coñecer o método para a presentación de traballos orais ante tribunais	AM2	BI1	CM1 CM2 CM4 CM5 CM7
Coñecer a metodoloxía para a elaboración de presentacións multimedia para a presentación de traballos científicos	AM1 AM2	BI1	CM1 CM2 CM3 CM6 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
Traballo Fin do Mestrado	Elaboración de acordo ás normas publicadas pola Facultade de Ciencias da Saúde e o propio MIX sobre memorias Fin de Mestrado.
Contidos	O Traballo consistirá na elaboración e presentación pública dunha investigación levada a cabo polo estudante na que se fará especial fincapé na aplicación de devandita investigación ao campo da xerontoloxía e a xeriatría. A comisión avaliadora prestará especial consideración á presentación e á exposición do informe final de investigación.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	12	120	132
Presentación oral	A11 C1 C2	1	10	11
Traballos tutelados	A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 C1 C2	10	200	210
Atención personalizada		22	0	22
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Selección bibliográfica relativa ao tema de estudo. Polo menos o 80% dos traballos que xustifiquen o interese da súa investigación han de ser de calidade científica, en inglés e incluídos en bases de datos bibliográficas como Medline.



Presentación oral	O traballo deberá de expoñerse e defenderse ante un tribunal que será nomeado pola Comisión Académica do Máster. Devandito tribunal estará formado por tres profesores/doutores do equipo docente do título. Para a avaliación do Traballo terase en conta o informe presentado, a presentación pública e as respostas ás preguntas do tribunal. Valorarase especialmente o rigor científico, a consistencia do proceso desenvolvido e as súas achegas orixinais. O acto de lectura e defensa terá lugar en sesión pública durante o período lectivo do curso académico e será convocado polo/a presidente/a do tribunal e feito público nos taboleiros do Centro. Terminada a defensa do Traballo cada membro do tribunal formulará por escrito unha valoración sobre o mesmo, de acordo ás competencias alcanzadas e definidas, tanto xenéricas como transversais, no título. De acordo co artigo 5 do RD 1125/2003, o tribunal outorgará unha cualificación cuantitativa e outra cualitativa que recollerán a cualificación de "suspense" (de 0 a 4,9), "aprobado" (de 5 a 6,9), "notable" (de 7 a 8,9) ou "sobresaliente" (de 9 a 10). O tribunal poderá outorgar a cualificación de "matrícula de honor" se a cualificación global é de sobresaliente e emitise, en tal sentido, o voto favorable de todos os seus membros, tendo en conta a normativa de cada Universidade neste sentido.
Traballos tutelados	O Traballo consistirá na elaboración e presentación pública dunha investigación levada a cabo polo estudante na que se fará especial fincapé na aplicación de devandita investigación ao campo da xerontoloxía e a xeriatría. A comisión avaliadora prestará especial consideración á presentación e a exposición do informe final de investigación. Para que unha proposta se considere aceptada e o estudante poida proceder ao seu desenvolvemento e elaboración, o estudante deberá presentar, antes da finalización do segundo cuatrimestre, ante a Comisión Académica do Máster e a través do rexistro do centro, unha proposta do Traballo que pretende desenvolver, incluíndo os seguintes elementos: - Resumo, máximo mil palabras, do contido do proxecto (antecedentes, obxectivos e hipótese da investigación, metodoloxía a empregar no Traballo). - Esquema ou índice xeral (posible estrutura en capítulos e principais epígrafes do Traballo que se vaia a realizar). - Selección bibliográfica relativa ao tema de estudo. Polo menos o 80% dos traballos que xustifiquen o interese da súa investigación han de ser de calidade científica, en inglés e incluídos en bases de datos bibliográficas como Medline. - Firma do profesor tutor e do estudante. Unha vez dado o visto bo por parte da Comisión e do tutor da proposta presentada, o alumno procederá ao desenvolvemento do Traballo final. Unha vez finalizado e de acordo aos prazos establecidos, o alumno deberá enviar unha copia en formato dixital a través da plataforma Moodle ao coordinador do Máster ou á dirección do correo electrónico admongig@udc.es, neste caso con acuse de recibo. Poderase entregar (optativo) unha copia do traballo en formato impreso na secretaría da Facultade de Ciencias da Saúde. Ambas copias deberán levar o visto bo do director do traballo. Os Traballos Fin de Máster poderán ser dirixidos por varios profesores. Neste caso o informe deberá ir avalado por todos eles.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Análise de fontes documentais Presentación oral	O Traballo Fin de Máster (15 ECTS) ten como finalidade a acreditación de que o estudante adquiriu os coñecementos e competencias asociados ao título de Mestrado Universitario en Xerontoloxía. Aínda que a súa orixe virá determinado desde a materia de Metodoloxía da Investigación, será realizado polo estudante ao longo do terceiro cuatrimestre baixo a dirección dun profesor tutor-Doutor que se asignará en función da coincidencia de intereses de investigación.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Traballos tutelados	A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 C1 C2	Para a avaliación do Traballo terase en conta o informe presentado, a presentación pública e as respostas ás preguntas do tribunal. Valorarase especialmente o rigor científico, a consistencia do proceso desenvolvido e as súas achegas orixinais. O acto de lectura e defensa terá lugar en sesión pública durante o período lectivo do curso académico e será convocado polo/a presidente/a do tribunal e feito público nos taboleiros do Centro. Terminada a defensa do Traballo cada membro do tribunal formulará por escrito unha valoración sobre o mesmo, de acordo ás competencias alcanzadas e definidas, tanto genéricas como transversales, no título. De acordo co artigo 5 do RD 1125/2003, o tribunal outorgará unha cualificación cuantitativa e outra cualitativa que recollerán a cualificación de "suspenso" (de 0 a 4,9), "aprobado" (de 5 a 6,9), "notable" (de 7 a 8,9) ou "sobresaínte" (de 9 a 10). O tribunal poderá outorgar a cualificación de "matrícula de honor" se a cualificación global é de sobresaínte e emitise, en tal sentido, o voto favorable de todos os seus membros, tendo en conta a normativa de cada Universidade neste sentido.	50
Análise de fontes documentais	A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Para a avaliación do Traballo terase en conta o informe presentado en formato escrito. Valorarase especialmente o rigor científico, a consistencia do proceso desenvolvido e as súas achegas orixinais.	25
Presentación oral	A11 C1 C2	O estudante deberá expoñer o Traballo e defendelo ante un tribunal que será nomeado pola Comisión Académica do Mestrado. Devandito tribunal estará formado por tres profesores/doutores do equipo docente do título	25

Observacións avaliación

TRABALLOS TUTELADOS: Caso de detectar fraude, copia ou plaxio na redacción do traballo da materia, implicará un suspenso na oportunidade de avaliación afectada (0,0) e remisión directa á oportunidade seguinte. Dita actitude comunicárase á Comisión Académica e ao resto de profesores do título. En caso de que se reitere a irregularidade nunha 2ª avaliación, a Comisión poderá solicitar ao Reitor a expulsión temporal ou perpetua do alumno do Mestrado cursado.

Fontes de información

Bibliografía básica	As propias do tipo de traballo realizado e as recomendadas polos Doutores-TitoresAs propias do tipo de traballo realizado e as recomendadas polos Doutores-Titores
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Metodoloxía da Investigación en Xerontoloxía/653491004

O proxecto de investigación en Xerontoloxía/653491016

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



TRABALLO FIN DE MESTRADO: Para defender o TFM o alumno deberá ter previamente superados 75 ECTS que inclúan todas as materias obrigatorias. Lectura e comprensión idioma inglés en traballos científicos.

Caso de detectar fraude, copia ou plaxio na redacción do traballo da materia, implicará un suspenso na oportunidade de avaliación afectada (0,0) e remisión directa á oportunidade seguinte. Dita actitude comunicárase á Comisión Académica e ao resto de profesores do título. En caso de que se reitere a irregularidade nunha 2ª avaliación, a Comisión poderá solicitar ao Reitor a expulsión temporal ou perpetua do/a alumno/a do título cursado.

GREEN CAMPUS: Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "III Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2018-2020)" os traballos documentais que se realicen nesta materia:

a.- Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático.

b.- De realizarse en papel:

- Non se empregarán plásticos.
- Realizaranse impresións a dobre cara.
- Empregarase papel reciclado.
- Evitarase a realización de borradores.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías